

Decálogo de Normas para a Aula de Espazo Seguro

O Equipo de Igualdade, ofrecerá a partir de xaneiro a todo o alumnado un espazo seguro onde acudir se precisa de axuda ou información, supervisado por profesorado pero xestionado por alumnado formado e voluntario do Equipo de Igualdade situado no primeiro andar en fronte da sala de profesorado.

Decálogo:

1. Respetto e asertividade: todas as persoas usuarias deben expresarse con respecto e asertividade, evitando calquera comportamento ofensivo ou agresivo.
2. Confidencialidade garantida: O que se fale no espazo seguro permanecerá secreto, respectando a privacidade das persoas participantes.
3. Horario establecido: A aula estará aberta durante os recreos dos xoves exclusivamente para este propósito, promovendo un ambiente tranquilo e estruturado.
4. Inclusión activa: Fomentarase a participación de todo o alumnado, asegurando que ninguén se sinta excluído por motivos de identidade, orientación sexual ou calquera outra circunstancia.
5. Normas de convivencia claras: non se permitirán comentarios, xestos nin accións que atenten contra a dignidade doutra persoa.
6. Facilitadores cualificados: Un docente ou facilitador capacitado en asertividade e inclusión estará presente para mediar e apoiar as dinámicas do espazo.
7. Autoxestión do benestar: promoverase que o alumnado reflexione sobre as súas emocións e como xestionalas de maneira asertiva e respectuosa.
8. Solicitude de cita previa: para ser atendido no espazo seguro, o alumnado deberá solicitar unha cita previa ao equipo de igualdade, garantindo unha xestión organizada e un mellor aproveitamento do tempo dispoñible, a través da plataforma EVA E-dixgal.
9. Resolución construtiva de conflitos: Os conflitos que poidan xurdir abordaranse no momento, empregando estratexias baseadas na asertividade e na empatía.
10. Avaliación e mellora continua: Habilitarase un buzón confidencial para suxestións, co obxectivo de mellorar o espazo segundo as necesidades do alumnado.



Equipo de Igualdade do IES Valle Inclán